

## **ACORDO DE EXTINCIÓN DOS PLANOS DE ESTUDO DE GRAO E MASTER VERIFICADOS**

O Real Decreto 1393/2007, de 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais, determina que na memoria do título que se somete a verificación deben incluírse os criterios no caso de extinción do plano de estudos.

A Comunidade Autónoma de Galicia coa publicación do Decreto 222/2011, de 2 de decembro, polo que se regulan as ensinanzas universitarias oficiais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, regula entre outras cuestións a extinción dos planos de estudo e as causas que dan lugar á extinción dun plano de estudos verificado sendo competencia das universidades a adopción das medidas que garantan os dereitos académicos dos estudantes que se atopen cursando o plano de estudos obxecto da extinción.

A Universidade de Santiago de Compostela no Sistema Marco de Garantía de Calidade sinala que no caso da supresión dun título oficial será o Consello de Goberno o que debe aprobar os criterios relacionados, entre outros, coa supresión gradual da docencia.

Tendo en conta este mandato e a normativa que é de aplicación, o Consello de Goberno na súa sesión do 31 de outubro de 2013, ACORDA

### **EXTINCIÓN DOS PLANOS DE ESTUDO VERIFICADOS**

#### **Artigo 1. Extinción dun plano de estudos**

Enténdese extinguido un plano de estudos cando polas causas establecidas legalmente causase baixa no Rexistro de Universidades, Centros e Títulos (RUCT).

#### **Artigo 2.- Causas de extinción**

Son causas que dan lugar á extinción dun plano de estudos:

- a) Que sexa modificado substancialmente e/ou substituído por outro.
- b) Que non supere o proceso de acreditación/verificación.
- c) Suspensión ou supresión das ensinanzas.

#### **Artigo 3.- Ámbito de aplicación:**

Este acordo aplicarase aos estudantes da USC que cursen titulacións de grao e máster de carácter oficial e con validez en todo o territorio nacional que se extinguen por mor dalgunha das causas establecidas no artigo 2 ou outras legalmente establecidas.

#### **Artigo 4.- Procedemento de extinción dos planos de estudo verificados.**

A declaración de extinción determinará a imposibilidade de matricular novo alumnado e a de garantir que o que estea matriculado finalice os seus estudos no período fixado para a extinción, respectando en todo caso a normativa de permanencia do alumnado. Esta garantía non inclúe o dereito a cursar outras especialidades, itinerarios curriculares ou mencións.

As titulacións de Grao e Máster, como norma xeral, extinguiranse curso a curso a partir do ano académico no que se implanten as novas titulacións ou da Resolución pola que se acorde a extinción da titulación.

No caso da extinción pola implantación dun novo título, simultaneamente á implantación do novo título comezará a extinción do título substituído, quedando sen docencia gradualmente en función da súa estrutura organizativa, comezando polas materias do primeiro curso, segundo, etc., de tal xeito que os estudantes que non queiran adaptarse ao novo título que se implanta poidan finalizar os estudos polo mesmo plano que os comezaron.

Os estudantes matriculados en materias dos planos de estudo en extinción terán dereito a dúas convocatorias de exame consecutivas, unha por cada matrícula e ano (catro oportunidades) para as titulacións de grao e másteres universitarios homologados ou vinculados a profesións reguladas, e unha convocatoria (dúas oportunidades) para o resto dos másteres. As convocatorias de exame de cada unha das materias deberán contarse a partir do momento no que a materia queda sen dereito a docencia.

Durante o proceso de extinción dos planos de estudo os estudantes terán dereito aos exames e ás titorías correspondentes nas materias sen docencia.

#### **Artigo 5.- Outras formas de extinción.**

No caso de que un plano de estudos se implante nun único ano académico, o plano substituído poderá extinguirse nun número inferior de anos aos cursos que ten o plano sempre que se respecten os dereitos do alumnado. En todo caso, deberán cumprirse os seguintes requisitos:

- a) Deberá incorporarse na memoria no novo título un cronograma co calendario de extinción do título.
- b) Así mesmo, deberá incorporar o procedemento de adaptación do alumnado do título existente ao novo plano de estudos.
- c) Que os estudantes que non queiran adaptarse poidan continuar os estudos do título existente cursando as materias pendentes nos grupos de docencia da nova titulación ou establecendo materias sen docencia no caso de non existir equivalencia.
- d) Que no caso de que os estudos en fase de extinción teñan definidas mencións ou especialidades se lles garanta a obtención das mencións ou especialidades.

#### **Artigo 6.- Traslado ou continuación de estudos do alumnado doutras universidades.**

Iniciado o proceso de extinción dunha titulación non poderá admitirse o traslado de alumnos dende outras universidades.

#### **Artigo 7.— Adaptación obrigatoria**

Se finalizado o proceso de extinción dunha titulación hai alumnos que non poden obter o título oficial correspondente, non poderán continuar matriculados nesa titulación e deberán adaptarse ás novas ensinanzas ou solicitar praza noutra titulación.

### **Artigo 8.- Imposibilidade de reincorporación a plans en extinción**

A matrícula na nova titulación será irreversible, de tal xeito que os estudantes non poderán reincorporarse a plans de estudo en extinción.

### **Artigo 9.- Prezos**

Os prezos públicos correspondentes á matrícula nas materias en proceso de extinción (sen dereito a docencia) serán os que estableza o correspondente decreto de prezos públicos da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

### **Artigo 10.- Transferencia e recoñecemento de créditos**

Extinguida unha titulación non caben recoñecementos nin transferencia de créditos.

**Disposición adicional primeira.-** Este Acordo será de aplicación, nos mesmos termos, aos estudos de grao ou máster realizados na modalidade semipresencial ou virtual.

**Disposición adicional segunda.-** Autorízase ao Reitor da Universidade a ditar as normas necesarias para o desenvolvemento deste acordo.

**Disposición Final.-** O presente acordo entrará en vigor na data de publicación no taboleiro de anuncios electrónico oficial da USC.

LOURDES NOYA FERREIRO, SECRETARIA XERAL DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,

CERTIFICA: antes da aprobación da acta correspondente, que o Consello de Goberno da USC, na súa sesión do 31 de outubro de 2013, tomou o seguinte acordo:

#### EXTINCIÓN DOS PLANOS DE ESTUDO VERIFICADOS

##### Artigo 1. Extinción dun plano de estudos

Enténdese extinguido un plano de estudos cando polas causas establecidas legalmente causase baixa no Rexistro de Universidades, Centros e Títulos (RUCT).

##### Artigo 2.- Causas de extinción

Son causas que dan lugar á extinción dun plano de estudos:

- a) Que sexa modificado substancialmente e/ou substituído por outro.
- b) Que non supere o proceso de acreditación/verificación.
- c) Suspensión ou supresión das ensinanzas.

##### Artigo 3.- Ámbito de aplicación:

Este acordo aplicarase aos estudantes da USC que cursen titulacións de grao e máster de carácter oficial e con validez en todo o territorio nacional que se extinguen por mor dalgunha das causas establecidas no artigo 2 ou outras legalmente establecidas.

##### Artigo 4.- Procedemento de extinción dos planos de estudo verificados.

A declaración de extinción determinará a imposibilidade de matricular novo alumnado e a de garantir que o que estea matriculado finalice os seus estudos no período fixado para a extinción, respectando en todo caso a normativa de permanencia do alumnado. Esta garantía non inclúe o dereito a cursar outras especialidades, itinerarios curriculares ou mencións.

As titulacións de Grao e Máster, como norma xeral, extinguiranse curso a curso a partir do ano académico no que se implanten as novas titulacións ou da Resolución pola que se acorde a extinción da titulación.

No caso da extinción pola implantación dun novo título, simultaneamente á implantación do novo título comezará a extinción do título substituído, quedando sen docencia gradualmente en función da súa estrutura organizativa, comezando polas materias do primeiro curso, segundo, etc., de tal xeito que os estudantes que non queiran adaptarse ao novo título que se implanta poidan finalizar os estudos polo mesmo plano que os comezaron.

Os estudantes matriculados en materias dos planos de estudo en extinción terán dereito a dúas convocatorias de exame consecutivas, unha por cada matrícula e ano (catro oportunidades) para as titulacións de grao e másteres universitarios homologados ou vinculados a profesións reguladas, e unha convocatoria (dúas oportunidades) para o resto dos másteres. As convocatorias de exame de cada unha das materias deberán contarse a partir do momento no que a materia queda sen dereito a docencia.



*LOURDES*

Durante o proceso de extinción dos planos de estudo os estudantes terán dereito aos exames e ás titorías correspondentes nas materias sen docencia.

#### Artigo 5.- Outras formas de extinción.

No caso de que un plano de estudos se implante nun único ano académico, o plano substituído poderá extinguirse nun número inferior de anos aos cursos que ten o plano sempre que se respecten os dereitos do alumnado. En todo caso, deberán cumprirse os seguintes requisitos:

- a) Deberá incorporarse na memoria no novo título un cronograma co calendario de extinción do título.
- b) Así mesmo, deberá incorporar o procedemento de adaptación do alumnado do título existente ao novo plano de estudos.
- c) Que os estudantes que non queiran adaptarse poidan continuar os estudos do título existente cursando as materias pendentes nos grupos de docencia da nova titulación ou establecendo materias sen docencia no caso de non existir equivalencia.
- d) Que no caso de que os estudos en fase de extinción teñan definidas mencións ou especialidades se lles garanta a obtención das mencións ou especialidades.

#### Artigo 6.- Traslado ou continuación de estudos do alumnado doutras universidades.

Iniciado o proceso de extinción dunha titulación non poderá admitirse o traslado de alumnos dende outras universidades.

#### Artigo 7.— Adaptación obrigatoria

Se finalizado o proceso de extinción dunha titulación hai alumnos que non poden obter o título oficial correspondente, non poderán continuar matriculados nesa titulación e deberán adaptarse ás novas ensinanzas ou solicitar praza noutra titulación.

#### Artigo 8.- Imposibilidade de reincorporación a plans en extinción

A matrícula na nova titulación será irreversible, de tal xeito que os estudantes non poderán reincorporarse a plans de estudo en extinción.

#### Artigo 9.- Prezos

Os prezos públicos correspondentes á matrícula nas materias en proceso de extinción (sen dereito a docencia) serán os que estableza o correspondente decreto de prezos públicos da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

#### Artigo 10.- Transferencia e recoñecemento de créditos

Extinguida unha titulación non caben recoñecementos nin transferencia de créditos.

Disposición adicional primeira.- Este Acordo será de aplicación, nos mesmos termos, aos estudos de grao ou máster realizados na modalidade semipresencial ou virtual.

Disposición adicional segunda.- Autorízase ao Reitor da Universidade a ditar as normas necesarias para o desenvolvemento deste acordo.

Disposición Final.- O presente acordo entrará en vigor na data de publicación no taboleiro de anuncios electrónico oficial da USC.



*Reitor*

E para que así conste, asino a presente certificación en Santiago de Compostela a 7 de novembro de dous mil trece, co visto e praxe do sr. reitor.

Vº e praxe

P.D. do 4 de novembro de 2013

O vicerreitor de Investigación e Innovación



Francisco González García

